

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE MARZO DE 2015**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de marzo de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona M<sup>a</sup> Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU; dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Antes de dar comezo á sesión, o Sr. alcalde pide aos presentes un minuto de silencio polas vítimas do accidente aéreo nos Alpes franceses.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, engade que tamén polas vítimas de Laxe e demais.

A Corporación, así como o público asistente, gardan un minuto de silencio.

A continuación, aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2014 e á sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2014 e á sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2015.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2014 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, dous concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, dous concelleiros do BNG, o concelleiro de PdeC e o concelleiro do PGD) e dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2015 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, dous concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, dous concelleiros do BNG e o concelleiro de PdeC) aproba os citados borradores.

## **2. PARTE RESOLUTIVA**

### **2.1. Proposta de aprobación do expediente núm. 2/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 19 de marzo de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de marzo de 2015.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

**Primeiro:** Aprobar o expediente número 2/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 8.521,03 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Núm. Factura	Data	NIF	Nome / Denominación social	Importe
<b>Concepto factura</b>				
010	31/10/2014	34895573L	SANCHEZ LIRES MARIA	605,00
			HONORARIOS DISEÑO CARTEL E CALENDARIO "CONTA, CONTA"	
A2014537807	11/12/2014	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.349,93
			SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A TABEAIO, 69: DO 30/12/13 AO 31/03/14	
A2014537926	11/12/2014	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.734,20
			SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A TABEAIO, 54: DO 30/12/13 AO 31/03/14	
A2014536629	11/12/2014	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.534,58
			SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A ABRIGOSA, S/N: DO 30/12/13 AO 31/03/14	
F140000853	30/11/2014	76312353D	REGUEIRA PRESEDO MANUEL (TALLERES MANOLO)	34,73
			SUBSTITUCIÓN INTERRUPTOR PICK UP PROTECCIÓN CIVIL (LAND ROVER DEFENDER: 7634-CLK)	
73	20/12/2014	A15376577	AUTOSERVICIO VILA DE CAMBRE S.A.	198,15
			SUBMINISTRACIÓN DIVERSOS ARTÍCULOS SAMAIÑ CASA DA XUVENTUDE (30/10/2014)	
03/2015	13/01/2015	33179259B	AMEIXEIRAS MARRA PILAR	46,76
			SUBMINISTRACIÓN MEDICAMENTOS BOTIQUÍN CONCELLO	
009/2015	27/01/2015	B15856339	PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U.	154,42
			SERVIZO COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE REPARACIÓN PISTA POLIDEPORTIVA O TEMPLE EN OTERO PEDRAIO	
1998	26/11/2014	B15306673	MANTENIMIENTO Y REPARACIONES,S.L.	847,00
			REPARACIÓN SAI SERVICIOS SOCIAIS	
0026906858	30/01/2015	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	140,66
			DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN OBRA "A RATOEIRA" EN CENTRO SOCIOCULTURAL O GRAXAL (15/03/14) REDE CULTURAL DEPUTACIÓN 2014	
0026906866	30/01/2015	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	48,40
			DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN OBRA "A DEMOLICIÓN" EN CENTRO SOCIOCULTURAL O GRAXAL (21 E 22/11/14) REDE CULTURAL DEPUTACIÓN 2014	
0026906862	30/01/2015	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	24,20
			DEREITOS DE AUTOR REPRESENTACIÓN OBRA "VODEVIL" EN CENTRO SOCIOCULTURAL O GRAXAL (08/11/14)	
A-00000374	18/11/2014	46917185Z	LAMAS MIGUELEZ JOSE CARLOS	45,00
			REPARACIÓN ORDENADOR IBM	
A-00000376	18/11/2014	46917185Z	LAMAS MIGUELEZ JOSE CARLOS	16,00
			REPARACIÓN ORDENADOR ACER	
A-00000375	18/11/2014	46917185Z	LAMAS MIGUELEZ JOSE CARLOS	16,00
			REPARACIÓN ORDENADOR ACER	

F/49-14	30/11/2014	J27743152	MAIS QUE BRINCOS, S.C.	726,00
ALUGUER 2 HINCHABLES E EQUIPO SONIDO MERCADIÑO SOLIDARIO (09/11/14)				
Total				8.521,03

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.

**2.2. Proposta de estimación, se procede, do recurso de reposición interposto por don Josep M<sup>a</sup> Costa Fontanals en representación de AIRBOX, S.A, contra o acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015, no que se rexeitou a proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores**

Vista a proposta de Alcaldía do día 19 de marzo de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de marzo de 2015.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Estimar o recurso de reposición presentado por don Josep M<sup>a</sup> Costa Fontanals, en representación de AIRBOX, S.A., fronte ao acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015 de rexeitar a proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, e aprobar o recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 536,64 euros, correspondente á seguinte factura:

Núm. Factura	Data	NIF	Nome / Denominación social	Importe
Concepto factura				
14042123	30/11/2014	A08950685	AIRBOX, S.A.	536,64
REVISIÓN ANUAL EQUIPOS RESPIRACIÓN POLICÍA LOCAL E SUBMINISTRACIÓN REPOSTOS MANÓMETRO				

**2.3. Proposta de estimación, se procede, do recurso de reposición interposto por don Óscar Valcuende Rodríguez contra o acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015, no que se rexeitou a proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores**

Vista a proposta de Alcaldía do día 19 de marzo de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 24 de marzo de 2015.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que a el gustaríalle primeiro preguntar cantas eran as facturas de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores que lles trouxeron ao pleno do mes de xaneiro. Cre que foron nove, e pregunta se os únicos que fixeron o recurso de reposición foron os dous que trouxeron hoxe, se os outros sete non os fixeron e, polo tanto, están aínda sen recoñecer esas obrigas.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, contesta que están sen pagar e sen recoñecer polos grupos da oposición.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que non é así exactamente, non é sen recoñecer polos grupos da oposición, el persoalmente, en nome de UxC, pediulle que apartara a factura que agora traen de novo aquí, e que o resto as aprobaban sen ningún tipo de problema. Ela foi a que dixo que ou todo ou nada, ela foi a que prexudicou ás outras oito empresas que viñan coas súas facturas e que agora están obrigadas a facer un recurso de reposición, que nalgún caso non van facer porque son 35 euros, 90 euros, etc., e seguramente lles sairá máis caro un avogado para facer o recurso de reposición que a factura. Polo tanto, recoméndalle que se poña en contacto con todos eles e que lles faga ela o recurso de reposición gratuito a todos, para que todos poidan cobrar, porque ela é a única responsable de que ata agora non se lles teña recoñecido a débeda.

O Goberno pretende presentar este asunto baixo o prisma de que os traballos que se realizan para o concello hai que pagalos, e ata aí eles están de acordo, o que traballa debe cobrar, pero no que non están de acordo é en que o concello, é dicir, todos os que pagan os impostos en Cambre, teñan que pagar os caprichos do alcalde ou dalgún dos concelleiros.

Expón que este asunto empeza no pleno onde se decide por maioría que ese edificio, do cal vén esta factura, se destine a un aula da natureza. Ese acordo apróbase co voto en contra do PP, que pretendía que fora unha biblioteca. O alcalde de Cambre, como presidente da Corporación, queda obrigado polo artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, a publicar, executar e facer cumprir os acordos municipais, pero o Sr. Rivas prefere non actuar como alcalde e cumprir o acordo adoptado, senón como presidente do Partido Popular e facer valer o que foi rexeitado polo Pleno.

Como non lle gustou o acordo, colleu unha perrencha, comportouse como un neno caprichoso, e encargou o proxecto da biblioteca sen usar o procedemento normalizado por lei para a contratación, que non quere dicir que o fixera de forma irregular, tamén se pode facer tal e como eles fixeron, pero sen contar con ninguén e en contra do acordo adoptado pola maioría do Pleno. Non é a primeira vez que o fan, Brincadeira, Plan xeral, Catastro, son exemplos máis que elocuentes de como actúan cos veciños e veciñas de Cambre. Pero di que, claro, o capricho hai que pagalo, e é entón cando necesitan á oposición, a esa mesma oposición á que acaba de desprezar ao non ter en conta o que ten acordado no pleno.

Pero di que non só despreza á oposición, aos veciños de Cambre tamén, que están detrás da idea de que esa casa se dedique a promover o río Mero como aula da natureza, como se aprobou neste pleno. Ademais, pásase polo forro a lei de transparencia recentemente aprobada. Non asumir as responsabilidades das decisións e actuacións propias e dos órganos que dirixe, o Pleno neste caso, esa forma de actuar é definida pola mesma lei como unha infracción moi grave, artigo 29.1. En definitiva, co Sr. alcalde, cos divinos, non hai moito que facer.

UxC cre que o que traballa debe cobrar, por suposto, a cuestión é quen debe pagarlle. Quen debe pagarlle é quen llo encarga, neste caso o Pleno encargou o traballo de adaptar o edificio para promover un aula da natureza, cousa que o alcalde non fixo, senón que en contra do aprobado o destina a unha biblioteca. Así que os caprichos do alcalde, os paga o alcalde.

Continúa dicindo que outra cousa sería que o Sr. Rivas viñera e lles dixera aos membros da oposición que urxe facer unha biblioteca, ou que van aforrar 100.000 euros para seguir co centro de saúde, e ampliálo, e que é unha cuestión momentánea mentres no Plan xeral non busquen un sitio adaptado para facer unha biblioteca como se merece o municipio. O Sr. alcalde non fixo nada disto, directamente pasou absolutamente de todos e encargou un proxecto para facer unha biblioteca, cousa que volve dicir que non foi aprobada polo Pleno.

Dille que non é o seu diñeiro, é o de todos, así que lle pide moito respecto por como se gasta e en que. Se o Sr. alcalde está hoxe aquí non é pola súa bondade, senón porque non ten máis remedio que pedirlle á oposición que se poñan en contra dos veciños e o axuden a pagar os seus caprichos.

Conclúe dicindo que UxC vaise abster neste caso, porque saben que o empresario ten todo o dereito do mundo a cobrar, pois fixo un traballo que lle encargaron dende o concello. O que reprocharon no seu día e seguen reprochando neste momento é que dende o Goberno fagan un proxecto en contra do que se decidiu no pleno.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe indica, ante as manifestacións do Sr. Óscar García, que lle parece gravísimo que acuse a todo un Goberno de non querer aprobar as facturas, cando os que votaron en contra foron os grupos da oposición, agás Progresistas de Cambre. Ela quere lembrarlle que dentro das funcións que debe ter un alcalde dentro dun concello non está executar calquera tipo de acordo, senón que tamén ten unha responsabilidade de saber en que se gasta o diñeiro dos veciños. Agora mesmo, para o grupo de goberno, como xa o manifestaron en varias ocasións, non é unha prioridade que a Casa da Arrigada sexa ningún tipo de aula da natureza. Ela vaille ler un artigo que saíu publicado recentemente en 'La Voz de Galicia', no que se fai un estudo e se afirma que Galicia ten preto de medio centenar de centros de interpretación que están en desuso. Se o que pretende é que este concello tire o diñeiro dos veciños en algo que non vai ter a repercusión que vai ter unha biblioteca municipal, que ademais é necesaria e que xa teñen dito en máis ocasións que ademais supón liberar a planta segunda do centro de saúde e que o concello aforre 70.000 euros/anuais, a ela gustaríalle preguntar quen é o irresponsable.

Tamén lle gustaría que explicara aquí a todos cal é o motivo polo que afirma que un Goberno non ten a responsabilidade de dotar un edificio público do servizo que máis soliciten e demanden os veciños, cando iso, ademais, supón un aforro orzamentario e un aumento dos servizos do centro de saúde.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño contesta que eles non votaron en contra, votaron en contra do conxunto porque ela non quixo quitar esta peza do conxunto do expediente, ela foi a única responsable. O conxunto da oposición díxolle que se ela sacaba só esta factura da que están falando agora, co resto non habería ningún tipo de problema. Foi ela, a concelleira, non foi nin o alcalde, foi ela a que non a quixo sacar, ou todo o nada, e dille que iso é un capricho, porque prexudicou ao resto das persoas que non tiñan nada que ver en todo isto, absolutamente nada que ver, e foi ela, non foi o seu voto en contra.

Reitera que eles lle dixeron que se sacaba esa peza que votaban a prol sen ningún tipo de problema, pero foi ela, e iso está na acta, non foi el, nin o grupo municipal que representa, nin moito menos. E o que di ela de que é importante para o grupo de goberno, dille que é importante só para eles, aquí o importante é que sexa importante para todos, non só para o grupo de goberno, diso se trata gobernar, de contar con todo o mundo e contar, se pode ser, coa maioría, que eles non o fan, simplemente traballan por impulsos, dicindo que é o que necesitan e demandan os veciños. Dille que aos concelleiros do PP certos veciños lles demandan unhas cousas, a UxC outras, ao grupo socialista outras e ao resto dos grupos outras. Simplemente é cuestión de poñerse de acordo e valorar cales son as importantes e as imprescindibles para facer en cada momento. Ela non o fai, a ela simplemente son os veciños os que se achegan a dicirlle que necesitan tal cousa e ela dá por feito que toda a cidadanía o que necesita é na Arrigada unha biblioteca.

Dille que en Cambre hai moita xente, no centro de Cambre, que non quere esa biblioteca na Arrigada. Parece que a eses non os escoitan. Polo tanto, pídelles que non veñan dicindo que eles son os irresponsables, a irresponsable neste caso é a Sra. concelleira, única e exclusivamente ela.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifesta que por contestar a esa afirmación de que ela é unha irresponsable, ela o que lle di é que a súa responsabilidade é traer todas as facturas que están no expediente de crédito sempre e cando non teñan ningún informe desfavorable e sexan totalmente legais. Volve



repetirle que ela vai traer o expediente completo, e se el o que quere é que quiten esa factura, pide que volvan votar en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a verdade é que o seu grupo nunca pensou que podía ocasionar tanta polémica unha moción por eles presentada para que a Casa da Arrigada se transformara nun centro de interpretación do río Mero e un aula da natureza.

Cando presentaron esa moción eles o que fixeron foi traer a pleno unha demanda de moitísimos veciños de Cambre que así llelo teñen solicitado, á parte de que eles consideran que esa casa debía ter o uso para o que eles presentaron a moción, e iso en contra do que di a propia concelleira, que dixo que en Galicia hai 50 centros de interpretación que non se utilizan, pero dille que seguramente haberá 1000 ou 2000 que si se utilizan.

Considera que non debía estar tan mal a moción que presentaron cando o conxunto da oposición lles felicitou e o propio Sr. alcalde os felicitou por presentar esa iniciativa. Iso demostra que non ía mal encamiñada, o que pasa, como dicía o compañeiro de UxC, é que as cousas que presenta a oposición non son ben recibidas polo Goberno, e despois búscanlle o remendo para inventarse cuestións, porque a maioría do pobo de Cambre non está de acordo con que a biblioteca se instale no centro da Arrigada. Eles consideran que o edificio da Arrigada debe dedicarse para uso dunha aula da natureza e centro de interpretación do río Mero, porque unha vez máis a Sra. concelleira demostralle que non coñece a sensibilidade do pobo de Cambre, por non dicir que descoñece as súas inxedanzas. Conclúe dicindo que eles vanse abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo teñen clarísimo que este proxecto que quere levar adiante o Goberno municipal vai en contra dun acordo plenario. Saben tamén perfectamente que é algo legal que dende o Goberno municipal poden facer, pero o único que amosa é a vontade que ten este Goberno municipal, sempre que pode, sempre que a lei, que algún carreiro, que algún atallo, así llo permite, de pasar por riba dos acordos deste pleno. Porque, efectivamente, como aquí se mencionou esta polémica, ou este caso, ou esta situación da que están a debater, xorde a raíz dunha moción que trouxo aquí o grupo municipal de EU respecto dun centro de interpretación do río Mero na casa da Arrigada que foi votada favorablemente polo conxunto dos grupos da oposición, pero é que se van á acta dese pleno ven que incluso contou co agradecemento por parte do propio alcalde, que entende que é a máxima responsabilidade e a máxima voz autorizada no equipo de goberno.

Nesa sesión el lembra perfectamente a intervención que tivo o BNG, dixeron que podía haber outras localizacións mellores, que esa lles parecía boa, pero que por outras cuestións había que buscar un criterio de proximidade cero co río Mero. Eles cren que hai moito que falar con Emalcsa, sobre as súas instalacións na Telva, etc., pero parecíalles loxicamente unha boa idea, e a toda esta Corporación. El saíu dese pleno coa firme crenza de que estaban de acordo en que un potencial a desenvolver dende o seu punto de vista non só medioambiental, senón tamén paisaxístico e turístico e, en consecuencia, económico, como é o río Mero, requiría dun centro de interpretación, dun espazo físico que revestira a súa importancia no termo municipal de Cambre.

A súa sorpresa é que agora, a dous meses das eleccións, ven que volve o PP máis cavernícola, o PP máis retrógrado, o PP máis contraditorio, a dicir que en Galicia xa existen 50 e pico centros de interpretación e están baleiros. Ben, deses 50 e pico quixera el saber cantos puxo en pé o PP, porque está seguro que son unha amplísima maioría deles. Polo tanto, el cre que son un pouco contraditorios. Se cren que o río Mero non merece, como acaban de dicir aquí, un centro de interpretación, non merece unha aula para dalo a coñecer e potencialo como referencia turística medioambiental, el convídaos a que o inclúan no seu programa electoral, a que digan que o PP non vai poñer para o río Mero absolutamente ningún tipo de instalación pública para favorecer o seu coñecemento, divulgación e posta en valor.

Polo demais, e sobre o que aquí lles trae, hai unha cuestión obxectiva, aquí realizouse un traballo e eles defenden que ese profesional ten que ter dereito a que o seu labor sexa remunerado. Con independencia de calquera apriorismo respecto de amizades posibles ou de por que non é de Cambre, etc., para eles vela ese condicionante. É dicir, poderán estar de acordo ou non, pero aquí fíxose un traballo seguindo unha serie de criterios profesionais, e eles, polo tanto, vanse abster, porque entenden que ese profesional, ese equipo que fixo o traballo, debe ver remunerado ese traballo e non ser vítimas dun Goberno tan incompetente, chafalleiro e sobre todo contradictorio en si mesmo, porque uns días din unha cousa e outros días a contraria.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que coincide cos compañeiros de EU, de UxC e do BNG en canto a defender e manter o acordo que no seu momento se adoptou, a moción presentada polo grupo de EU de que a Casa da Arrigada se convertera nun centro de interpretación do río Mero. Cren que por parte do Goberno non se teñen feito as xestións oportunas para que iso puidera ser unha realidade e se cumprira co criterio maioritario e coa opinión maioritaria do pleno municipal.

De todos os xeitos, o punto da orde do día é claro, o que vén a aprobación é ese recurso de reposición presentado polo profesional, polo arquitecto que ten redactado o proxecto para as novas instalacións da biblioteca municipal na Casa da Arrigada, e cren que o que corresponde é que ese profesional cobre os seus honorarios, o seu traballo. Polo tanto, entenden que o recurso está perfectamente fundamentado, que o informe por parte dos técnicos municipais é favorable, e o seu voto vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Estimar o recurso de reposición presentado por don Óscar Valcuende Rodríguez fronte ao acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015 de rexeitar a proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, e aprobar o recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 4.991,25 euros, correspondente á seguinte factura:

Núm. Factura	Data	NIF	Nome / Denominación social	Importe
<b>Concepto factura</b>				
016-2014	23/07/2014	34895296H	VALCUENDE RODRIGUEZ OSCAR	4.991,25
HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REHABILITACIÓN CASA ARRIGADA				

#### **2.4. Proposta de aprobación, se procede, do I Plan de conciliación da vida persoal, familiar e profesional da cidadanía de Cambre 2015-2016**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación do día 19 de marzo de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 24 de marzo de 2015.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o que se trae hoxe a aprobación polo Pleno, se procede, é o I Plan de conciliación do Concello de Cambre. Este plan nace no marco transaccional do Proxecto equilibrio e balance, por unha conciliación responsable, liderado polo Instituto da

Muller en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias e a Asociación norueguesa de autoridades locais e rexionais, e está financiado polo mecanismo financeiro do espazo económico europeo.

Os antecedentes deste plan xurdiron a través dun proxecto que chaman “equilibrio e balance”. O 29 de outubro do ano 2013 Cambre solicitou participar nese proxecto, no que concorreron concellos de toda España. Foron seleccionados doce concellos, entre eles Cambre, que foi notificado o 22 de novembro de 2013. O obxectivo principal do proxecto é elaborar o I Plan de conciliación da vida persoal, familiar e profesional da cidadanía de Cambre, involucrando ao tecido asociativo e empresarial de Cambre. Este plan recolle todas as medidas de conciliación e corresponsabilidade que o Concello de Cambre leva realizando dende o ano 2003 ata o día de hoxe nos distintos departamentos municipais.

Dende a fase de diagnose de necesidades de conciliación tratouse de poñer en marcha un plan de traballo realista, participativo e adaptado á realidade do municipio de Cambre, pretensión que non tería sido posible sen a firma dun acordo de vontades por parte dos principais axentes sociais e económicos, que teñen amosado o seu interese en ser parte activa e facer posible este plan.

A participación neste proxecto achega ao Concello de Cambre, ademais da elaboración do I Plan de conciliación, a posta en marcha dun novo programa, o programa Concilia Tarde, financiado ao 100% polo proxecto liderado polo Instituto da Muller, en colaboración coa FEMP e coa Asociación norueguesa de autoridades locais e rexionais, financiadas polo mecanismo financeiro económico europeo, e tamén a elaboración dunha guía de recursos a empresas.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que nas comisións informativas do pasado martes solicitaron á Sra. concelleira unha memoria económica respecto das aplicacións orzamentarias de cada unha das iniciativas que se desenvolven en Cambre en materia de conciliación. Un informe que lles permitira visualizar en termos económicos, en termos orzamentarios, de onde veñen e cara a onde van nesta materia de gran transcendencia social.

Díxoselles que estaban nos orzamentos, que é tanto como dicir “se queres, búscalos”. Pois ben, os sucesivos orzamentos municipais evidencian que ao longo desta lexislatura tense dado unha volta en círculo neste asunto. Non ten habido un salto cualitativo en materia de conciliación á altura das necesidades reais das familias de Cambre, e non van poñerse a cualificar nin unha soa das iniciativas contidas neste plan, entre outras cousas porque na súa inmensa maioría teñen sido promovidas por gobernos anteriores ao do actual alcalde, xa saben, esa herdanza recibida que tanto lles gusta criticar.

Repíte que non se opoñen a ningunha medida, pero non por iso quere deixar de lembrar algunha das iniciativas promovidas polo grupo municipal dos socialistas de Cambre, que contaron co respaldo maioritario desta Corporación, e que o Goberno municipal ten desprezado. Refírese a iniciativas como a universalización do servizo de comedores escolares, a ampliación das prestacións contidas na Ordenanza do servizo de axuda a domicilio, servizos de teleasistencia domiciliar e servizo de fisioterapia e podoloxía para os maiores. Xa o ía facer a empresa, respondeu a Sra. concelleira, a mesma empresa que non fai nin o que ten estipulado por contrato. Fala da extensión do servizo de comedor a períodos non lectivos, iniciativa promovida conxuntamente cos compañeiros de EU, e fala tamén da ampliación de contidos e extensión do programa Mañanceiro, por enumerar os máis significativos. Son iniciativas apoiadas pola oposición e desprezadas polo Goberno que preside o Sr. alcalde.

Conclúe dicindo que queda un mundo por facer en materia de conciliación e, polo visto, o PP está nas antípodas do que os socialistas entenden por esta materia. Non coinciden nin na definición, nin no concepto. Polo exposto o grupo socialista non vai apoiar esta iniciativa e o seu voto será de abstención.



Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que a eles gustaríalles facer unha pregunta. Sendo membros do Goberno, sendo membros do consello desta empresa que é o Concello de Cambre, a pregunta que ten que facer é se hai algún plan de conciliación no Concello de Cambre.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel responde que interno do concello, non. Este é o primeiro plan da cidadanía e posteriormente será o plan de conciliación interno.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, expón que a principios do ano 2012 propuxéronlle unha serie de medidas en materia de conciliación aos representantes dos traballadores, o que levaba consigo renegociar varios puntos, porque habería que modificar varias cuestións tanto do convenio colectivo como do acordo regulador. As centrais sindicais decidiron nese momento que debían conxelar calquera tipo de negociación relativa ao convenio colectivo e ao acordo regulador, por mor das medidas que se tiñan tomado dende o Goberno do Estado, e decidiron non seguir adiante nin coa negociación do convenio colectivo, nin do acordo regulador, por iso non se puideron chegar a implantar esas medidas.

Conclúe dicindo que si se lles propuxeron, incluso antes de que se soubera nada deste plan, si que había unha serie de medidas que o Goberno municipal tiña en mente propoñer.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño di que, entón, estalle dicindo que foron os sindicatos os que non quixeron abordar un plan de conciliación para o Concello de Cambre.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que están as actas aí para comprobalo, de todas as reunións se levanta acta, ou sexa, que por iso non hai problema.

Don Óscar Alfonso García Patiño agradece a contestación e continúa dicindo que outra cousa que el bota en falta é que cando se fala de conciliación e se fala da empresa, en concreto nalgún dos puntos, e agora igual vai dicir algo que lle ten que contestar o interventor ou a secretaria, non o sabe, pero pregunta se unha vez que se saca a concurso calquera tipo de contrato co concello, se podería premiar dalgunha forma ou valorar dalgunha forma a aquelas empresas que teñen un plan de conciliación. Pregunta se é posible dentro do prego de prescricións establecer uns puntos para esas empresas, porque iso é apostar realmente para que as empresas teñan conciencia da importancia da conciliación, mentres non sexan capaces diso, as empresas seguirán facendo o que están facendo ata agora, queren que os empregados traballen oito horas e se lles acaba o problema.

Di que esa é un pouco a idea que deixa sobre a mesa para todos os partidos políticos, estudar a posibilidade de poder cambiar as prescricións técnicas e apostar un pouco por isto. Conclúe dicindo que eles tamén se van abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que efectivamente é importante levar a cabo medidas que contribúan a mellorar a conciliación laboral e familiar das persoas. Por outra parte, consideran que en Cambre existen grandes carencias nos Servizos Sociais, que dalgunha maneira impiden levar a cabo esa conciliación. En Cambre estaba prevista a construción dun centro de día, pero nin hai proxecto, nin se agarda. Cada día hai unha demanda maior da poboación para ese tipo de centros, o propio documento recoñece que existen esas carencias, e de momento non se sabe nada.

Por outra parte, xa o dicía o compañeiro do partido socialista, el cre que a apertura dos colexios en época de verán contribúen tamén á conciliación, e tamén para a conciliación hai que dar e hai que buscar alternativas para poder escolarizar en debidas condicións e optimamente aos rapaces que teñen determinados problemas de enfermidades.

Pero di que vai ao quid da cuestión. Para el este plan debería ter sido tratado antes noutro foro, que era o adecuado para isto, no Consello de Participación Cidadá, no Consello sectorial de Servizos Sociais, que foi constituído para isto, onde todos os entes que participan nel terían motivo e terían oportunidade de achegar as súas inqedanzas. Cre que este documento, nese sentido, é impreciso e este plan, como xa dixo, debería terse tratado no foro de participación cidadá. Non se explica por que non foi tratado aí.

Dicía a concelleira antes, se non se equivoca, que buscaban involucrar ao tecido asociativo de Cambre, pero neste caso non se involucrou ao tecido asociativo de Cambre, cando tiñan a oportunidade de facelo nese foro de participación que foi creado precisamente para estas cousas. Pregunta por que non se lle deu ás persoas de Cambre que forman parte dese consello a oportunidade de participar. Esa é a participación que se pide, pero que non se lle dá ás persoas. Faise un Consello sectorial de Benestar Social que non se utiliza. Non se dá participación ás persoas, e cre que aquí tiñan moito que dicir.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo pensan que este plan esta moi ben, é moi lucido, e está claro que queda moito por facer en mor da conciliación. Oíndo á Sra. concelleira dicir que nada máis foron seleccionados doce concellos, parece como que está moi orgullosa do labor que están facendo e, non obstante, ao BNG chéganlle moitas queixas de Servizos Sociais. Ese orgullo que ela manifestaba hai un momento non é o que lles chega a eles, ao BNG.

Chéganlles moitas queixas das listas de agarda, chéganlles moitas queixas de que as cousas non funcionan tan ben como ela lles está vendendo. Di que ela hoxe fixo unha técnica *mystery shopper*, unha técnica de marketing que a empresa onde ela traballa utiliza moi ben e que dá bastantes bos resultados, por iso chamou a Servizos Sociais. Explica que despois de oílos nas comisións do martes, pensou que ao mellor era que as queixas que lle chegaban, como tamén é verdade que non son de persoas que están utilizando neste momento de forma directa os Servizos Sociais, ao mellor eran queixas infundadas, que chegan ao BNG pero que non teñen nada que ver coa realidade. Loxicamente quixo comprobalo e chamou a ese departamento que funciona tan ben.

Dixo que era unha señora, María Gómez Ulla, así se fixo chamar, que vivía na Barcala, que estaba no paro, que tiña acabado a prestación social e que o seu marido, a súa parella, tamén estaba no paro, que tiña catro nenos e que non sabía como este mes lles ía dar de comer. Preguntáronlle algunhas cousas e contestou que non, que chamaba porque vira na prensa iso da despensa de alimentos, que vira fotos e que lle interesaba ter acceso a ela. A traballadora que estaba ao outro lado do teléfono tratouna de marabilla, e díxolle moi amablemente que a atendería.

Pregúntalle á Sra. concelleira, que é a responsable do departamento, se sabe como está a lista de agarda, se sabe para cando están dando cita para atender a unha persoa que está no paro e que está dicindo que non ten para darlle de comer aos seus fillos. Trinta días, quince, pregunta cantos días lles parece que son, e que seguramente o Sr. alcalde si o sabe como responsable de todo iso, seguramente o sabe. Pois dilles que lle deron cita para dentro de 48 días. E agora veñen aquí e véndenlles este plan, tan bonito, nun concello onde, como lle dixo a propia funcionaria cando ela lle dixo que non podía agardar tantos días, son moitos e teñen poucos medios.

Despois, como para este proxecto están seleccionados doce concellos nada máis, iso quere dicir que pisan forte, pois dilles que ela chamou a outros concellos coa mesma historia. En Culleredo a cita foi para o 9 de abril, tamén bastantes días, pero do 9 de abril ao 13 de maio hai un mes e pico. Chamou tamén a Oleiros, e aí tamén lle daban unha data dunha semana, semana e media, pero ante a súa insistencia, que por desgraza é a realidade de moitos veciños de Cambre neste momento, porque poden traballar en cousas destas de fondos europeos e do Instituto da Muller, e vir e quitar fotos e queda todo monísimo, pero a realidade é outra, pois en Oleiros insistiu

tanto, dicindo que eran catro nenos, que non tiña para pagar a luz, que llela ían cortar, e preguntalles se saben que lle dixo a traballadora, pois que fora mañá ás 08:00 da mañá e a ver se antes de que chegara o primeiro citado a podía recibir, porque mentres, e iso tamén llo dixo a de Cambre, mentres non a avalíe a asistente social o día 13 de maio ás 11:00 da mañá, non pode ir a ningún sitio. Para o tema da despensa de alimentos antes ten que avaliala a asistente social.

Continúa dicindo que viven dúas realidades, unha a dos veciños, e outra a dos políticos, a da prensa, e a das fotos abaneando á nena no bambán con tres membros do Goberno. Viven realidades distintas, a da despensa é estupenda, pero para acceder a ela unha persoa que chama hoxe, ata o 13 de maio non sabe onde ten que ir, se ten que ir roubar, se ten que ir pedir, se onde ten que ir. Di que ese é o concello que lles venden, e esa é a realidade do concello onde viven.

Este plan está moi ben, a conciliación é necesaria, pero pídelles que se decaten, agora que se van, que a cidadanía de Cambre tiña outras necesidades mentres estiveron aí, sobre todo en Servizos Sociais, e a concelleira puxo aos seus funcionarios, á súa xente, a traballar non sabe en que.

Di que ela traballa nunha empresa privada e, dende logo, o máis importante son as persoas, no seu caso serían os clientes, no caso da Sra. concelleira serían os veciños que necesitan dos seus servizos. Se iso non funciona e se están falando de 48 días, todo o demais xa non merece nada, iso é unha prioridade, ten que ser unha prioridade, e ela tiña que ter feito unha xestión para que esa situación non se dera neste momento.

Todo iso que traen hoxe aquí e o dos doce concellos, pide que llelo conte ás familias que teñen todos os seus membros no paro, á xente que non ten para darlle de comer aos seus fillos ou que non ten para pagar o recibo da luz, porque lémbrale que leva Servizos Sociais, non leva outra cousa. Parécelle que dalgunhas cousas, que se esqueceu nalgún momento. Agarda que reciba o seu merecido, está a punto de examinarse e agarda que cunha xestión así non poida aprobar.

Conclúe dicindo que o voto do BNG vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que iso de que este plan non foi presentado no Consello Sectorial de Benestar Social, non é certo, foi presentado o 28 de abril do 2014, e nas actas así se reflectirá. O 28 de abril do 2014 foi presentado no Consello Sectorial de Benestar Social a todas as persoas que o compoñen, e tamén se invitou ás asociacións de empresarios e empresarias. Iso respecto do consello sectorial, que si foi participativo.

Respecto do que dixo a voceira do BNG, o departamento de Servizos Sociais ten unha carencia moi importante, por desgraza si que a ten, e é de persoal, porque puxo de exemplo outros concellos, pero ela pode dicirlle que no Concello de Culleredo traballan 30 persoas, aquí en Cambre son 9. Agora mesmo as contratacións están todo o limitadas que teñen que estar, non obstante, son conscientes dese problema, que é un problema real, e hoxe mesmo asinouse a documentación para poder contratar outra traballadora social. Comezará nestes días, xa lles di que lle está dicindo o seu compañeiro que hoxe asinouse.

Continúa dicindo que si, que realmente existe un problema grave, recoñéceo, é un problema grave, pero é só e exclusivamente por falta de persoal, non pola falta de traballo de ningún dos profesionais que alí están. Estes programas de conciliación leváronse a medias co departamento de Educación, non foi o cargo única e exclusivamente en Servizos Sociais e as traballadoras sociais, dende logo, non estiveron participando nin dispoñendo do seu tempo para estar neste plan. Estiveron única e exclusivamente atendendo aos usuarios, que é a prioridade de Servizos Sociais.

Conclúe dicindo que simplemente lles quere comentar que, dende logo, este plan recolle as actuacións de todo o que se leva facendo en Cambre dende o ano 2003, nunca presumiu que fora algo exclusivo deste grupo de goberno, foron programas que se levan facendo dende o 2003, programas que funcionaron, que se foron optimizando e que están funcionando. Agora, se lle preguntan se está orgullosa deste proxecto e de que a Cambre o poñan como exemplo en moitísimos sitios en materia de conciliación, iso tamén llelo pode dicir. Agora mesmo, dende a Secretaría Xeral de Igualdade, que estivo o outro día na presentación dos resultados, queren que un dos técnicos municipais vaia expoñer alí todos os traballos que se están facendo dentro do plan de conciliación en Cambre. Noutros aspectos non poden presumir, porque por desgraza non teñen o persoal que deberían de ter. Ela cre que fan todo o que poden e máis, e ela tamén procura facelo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que respecto do que dixo a Sra. concelleira de que foi presentado o plan, dille que unha presentación é unha cousa e un debate e achegas das distintas asociacións é outra cousa ben distinta. Este plan non contempla ningunha achega de ningún ente social que estea participando no Consello Sectorial de Benestar Social, e ese é o foro adecuado, para iso está contemplado, para que a xente achegue distintas iniciativas, e el non ve aquí ningunha, non ve nin achegas dos sindicatos, nin dos empresarios, nin das asociacións xuvenís, nin das amas de casa, nin das asociacións de veciños, nin nada, non ve ningunha achega concreta neste plan. É o que bota de menos.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que el non as verá, pero si que teñen asinado o compromiso Anpas, centros escolares, asociacións de amas de casa, asociacións de veciños e asociacións empresariais. Si teñen asinado un acordo de vontades e si que teñen participado informando de todas as carencias que pode haber en Cambre, dos beneficios e dos proles e contras. Explica que están recollidos a través da recollida de datos que se fixo a través das asociacións, está feito o compromiso de vontades, e están asinados e recollidos, e as reunións que tiveron aquí os técnicos do Instituto da Muller, son os técnicos que viñeron aquí e tiveron as reunións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que o documento entón é impreciso, xa llo requiriu antes, porque nel non vén recollido nada do que ela lle está dicindo, non vén recollido absolutamente nada. Aquí non veñen nin o nome das asociacións, nin o nome dos sindicatos, nin o nome dos empresarios, nin nada, non vén recollido nada, non se especifica. O documento, como se demostrou o martes, é un documento impreciso, porque ata ten follas trasapeladas, e ata a Sra. concelleira recoñecía que era impreciso e que non contemplaba moitas cousas, iso recoñecía a Sra. concelleira o martes nas comisións informativas.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto manifesta que, en primeiro lugar, quere darlle as grazas á Sra. concelleira de Servizos Sociais polo seu ton, polo ton da súa resposta, dille que de verdade grazas, porque se agradece. Ás veces fan unha intervención ou unha pregunta e o que non queren é levarse unha chaparrada, por iso lle agradece tremendamente o ton que utilizou. Pero tamén lle quere dicir que dende o BNG en ningún momento, e que conste en acta, dubidaron nin da profesionalidade, nin do traballo, nin da dedicación das traballadoras de Servizos Sociais, sería moi grave. Si dubidaron da xestión política, do que se prioriza, da cabeza visible, da persoa que dirixe iso e cara a onde encamiña as prioridades. Os demais, loxicamente, como todos nos seus postos de traballo, son uns mandados.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Aprobar o I Plan de conciliación da vida persoal, familiar e profesional da cidadanía de Cambre 2015-2016, que se transcribe literalmente a continuación:

# **“I PLAN DE CONCILIACIÓN DE LA VIDA PERSONAL, FAMILIAR Y PROFESIONAL DE LA CIUDADANÍA DE CAMBRE 2015-2016**

## **MEDIDAS Y ACCIONES DE CONCILIACIÓN Y PARA EL FOMENTO DE LA CORRESPONSABILIDAD**

### **1. ÍNDICE**

#### **1. ÍNDICE**

#### **2. INTRODUCCIÓN:**

- 2.1. LA CONCILIACIÓN DE LA VIDA PERSONAL, FAMILIAR Y PROFESIONAL Y EL TERRITORIO
- 2.2. ESTRUCTURA DEL PLAN DE CONCILIACIÓN

#### **3. ANTECEDENTES Y CONTEXTO:**

- 3.1. ANTECEDENTES
- 3.2. MARCO JURÍDICO
- 3.3. SITUACIÓN DEL MUNICIPIO EN RELACIÓN A LA CONCILIACIÓN DE LA VIDA PERSONAL, FAMILIAR Y LABORAL
  - 3.3.1. PERFIL SOCIO-ECONÓMICO DEL MUNICIPIO
    - 3.3.1.1. Ubicación y datos geográficos
    - 3.3.1.2. Estructura socio-económica
  - 3.3.2. RECURSOS Y SERVICIOS EXISTENTES EN EL MUNICIPIO
  - 3.3.3. ESTUDIO DE NECESIDADES DE CONCILIACIÓN DE LA CIUDADANÍA

#### **4. OBJETO, ALCANCE Y ÁMBITO TEMPORAL DEL PLAN DE CONCILIACIÓN:**

- 4.1. OBJETO DEL PLAN DE CONCILIACIÓN
- 4.2. ALCANCE DEL PLAN DE CONCILIACIÓN
- 4.3. ÁMBITO TEMPORAL DEL PLAN DE CONCILIACIÓN

#### **5. METODOLOGÍA DE TRABAJO PARA LA ELABORACIÓN DEL PLAN DE CONCILIACIÓN**

#### **6. PRINCIPIOS RECTORES DEL PLAN DE CONCILIACIÓN**

#### **7. PERSONAS DESTINATARIAS Y AGENTES IMPLICADOS EN EL PLAN DE CONCILIACIÓN**

#### **8. EJES DE INTERVENCIÓN DEL PLAN DE CONCILIACIÓN:**

- 8.1. DESCRIPCIÓN GENERAL DE LOS EJES
- 8.2. FICHA POR EJE INCLUYENDO OBJETIVO GENERAL Y ESPECÍFICOS, MEDIDAS Y ACTUACIONES

#### **9. ESTRUCTURA INTERNA DE COORDINACIÓN DEL PLAN DE CONCILIACIÓN:**

- 9.1. CONCEJALÍAS Y GRUPOS IMPLICADOS
- 9.2. COMISIÓN/GRUPO DE SEGUIMIENTO DEL PLAN
- 9.3. CRONOGRAMA Y RESPONSABLES DE CADA ACCIÓN

#### **10. SEGUIMIENTO Y EVALUACIÓN DEL PLAN DE CONCILIACIÓN:**

- 10.1. METODOLOGÍA DE SEGUIMIENTO Y EVALUACIÓN
- 10.2. DEFINICIÓN DE INDICADORES DE PROCESO
- 10.3. MATRIZ GENERAL DE SEGUIMIENTO DEL PLAN DE CONCILIACIÓN
- 10.4. MODELO DE FICHA DE CONTROL DE CADA ACTUACIÓN
- 10.5. MEDICIÓN DE LOS INDICADORES

#### **11. FINANCIACIÓN:**

- 11.1. CONSIDERACIONES GENERALES



## 11.2. ESTIMACIÓN DE COSTES Y DE POSIBILIDADES DE FINANCIACIÓN POR ACTUACIÓN

### 12. ANEXOS:

#### 12.1. RELACIÓN DE ANEXOS

#### 12.2. ANEXOS

## 2. INTRODUCCIÓN

El presente Plan de Conciliación y para el fomento de la corresponsabilidad en el Municipio de Cambre nace en el marco del proyecto transnacional “Equilibrio/Balance: por una conciliación corresponsable” (en adelante proyecto Equilibrio/Balance), liderado por el Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades, en colaboración con la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) y la Asociación Noruega de Autoridades Locales y Regionales (KS), y está financiado por el Mecanismo Financiero del Espacio Económico Europeo.

El Proyecto Equilibrio/Balance surge como consecuencia de la evaluación de los resultados alcanzados en un proyecto anterior, desarrollado en el mismo marco que el actual, y durante el cual diez entidades locales españolas diseñaron Planes de Conciliación Internos y Externos a la propia entidad.

La vocación del proyecto actual es centrar sus esfuerzos en apoyar a doce nuevas entidades locales en el estudio, diseño e implementación de Planes de Conciliación que den respuesta a las necesidades de la ciudadanía, a través de un proceso participativo que involucra, no solo a la Administración Local, sino a los distintos agentes económicos y sociales corresponsables de la consecución efectiva de la conciliación de los tiempos de vida y trabajo.

### 2.1. La conciliación de la vida personal, familiar y profesional y el territorio.

En los últimos años hemos asistido a la intensificación de las políticas, programas y actuaciones que, desde las instituciones europeas y nacionales, se han venido desarrollando con el objeto de propiciar una participación igualitaria de mujeres y hombres en la sociedad, y garantizar no sólo la igualdad formal, sino también la igualdad real entre los sexos.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que sabe que é un problema do programa, pero tal e como fixo o arquitecto no seu informe, que puxo Cambre, 16 de febreiro de 2015, non é tan difícil poñer a data nos documentos mentres que non se solucione o problema, porque senón, os concelleiros que están no Goberno e os funcionarios saben perfectamente as datas, ou poden sabelas, pero eles non.

Don Felipe Andreu Barallobre explica que si que é un problema, porque normalmente moitos dos informes que se fan non os fai o propio técnico, normalmente mándalle unha proposta algún traballador do concello, pasa o mesmo coas resolucións, exactamente o mesmo, ao mellor envían a resolución cunha data e resulta que pola razón que sexa non a poden asinar ata o día seguinte, ou ata o seguinte, entón realmente a data que vale non é a que poría o documento, senón a da sinatura, e iso si que sería un problema, porque o mesmo documento levaría dúas datas distintas. Di que o tema é un pouco máis complexo que todo isto, pero xa lle di que non é un problema do concello, é un problema do programa da Deputación, e tanto a secretaria como el mesmo xa lle pediron á Deputación que o solucionen canto antes, porque xera moita confusión.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que, de todas formas, el cre que hai solucións para todo isto se teñen boa vontade para facelo, é dicir, no momento en que se lles pasan a eles os informes, directamente a funcionaria que lles dá o informe pode entrar no Sigem, ver en que data foi feito o informe e poñelo, entende el que sería así, porque o que non saben eles, por culpa do Sigem, é cando se fixo o informe, se foi posterior ou anterior, non sabe, e iso xera dúbidas, polo menos xera dúbidas.

Continúa dicindo que o 10 de novembro de 2014 puxeron en coñecemento do alcalde as súas dúbidas sobre se o proxecto do centro de saúde presentado cumprira coas Normas subsidiarias, iso o 10 de novembro de 2014, en concreto en canto ao número de aparcamentos obrigados a dispoñer no interior da parcela dotacional. Como non se daba contestación, volveron requirir estes informes o 13 de xaneiro e o 4 de marzo do 2015. Posto que non se lles daba contestación, decidiron traer este rogo ao pleno, e é entón, cando aparecen os informes e se lles dan.

Di que todo isto a eles failles, polo menos, sospeitar, preguntarse por que non se lles dan os informes e se lles dan cando os piden no pleno, polo menos sospeitar de todo isto. Dáselles tres días antes do pleno un informe do arquitecto con data 16 de febreiro, iso sen a firma dixital, como dixo antes, que ademais non contesta a todo o que eles solicitan. Nin vén coa solicitada dilixencia, nin ten sinatura dixital, nin se remiten os informes xurídicos, en definitiva, unha xoia de contestación a que se lles deu hai dous días.

Como sempre o Goberno municipal actúa tarde e mal, e sementando polo menos dúbidas coa actuación que leva a cabo, nada de transparencia, nada de facilitar para nada o labor da oposición, nada de consenso. Di que alá eles co que están a facer.



Ante esta forma de actuar, pregúntalle ao Sr. alcalde se cre que todos os proxectos que presenta a Xunta deben cumprir coas Normas subsidiarias, como calquera veciño. Supón que dirá que si, sexa a Xunta, ou sexa quen sexa, vén facer un proxecto e terá que cumprir exactamente o mesmo que cumpren os veciños de Cambre, non por ser Xunta de Galicia poden saltar as normas.

Pregúntalle tamén ao Sr. alcalde se está de acordo na necesidade de construír un centro de saúde, porque UxC está de acordo, pero iso non xustifica o incumprimento das ordenanzas. Eles cando piden toda esta documentación é porque cren que pode haber algún problema, e en vez de darlles a documentación antes de dar a licenza para que se hai algún problema soluciónalo antes, non se lles dá, dáse a licenza.

Di que a interpretación que fai a día de hoxe o arquitecto municipal é unha interpretación, non quere dicir que sexa certo o que está dicindo, é unha interpretación que fai, porque o que se di é que as prazas de aparcamento hai que facelas dentro da parcela dotacional, e o que di o arquitecto é que se fan na urbanización, cousa que na urbanización non pinta nada o tema dos aparcadoiros, porque entón na urbanización que se fixo das rúas arredor do centro de saúde tiñan que figurar reservadas para o centro de saúde as prazas que realmente lle corresponden a ese centro, e non se está facendo.

Por iso eles pediron os informes, non os pediron para ir poñendo pedras no camiño, pedíronos porque ven nos proxectos que pode haber algún tipo de problema, nada máis que por iso. Agora, cando non llelos dan dende novembro, cando llelos dan despois de conceder a licenza, claro, agora van quitar prazas da urbanización, da xente, prazas que correspondería ter dentro da parcela do centro de saúde.

É unha interpretación entre un arquitecto ou un xurista, fronte a outra xente que entende o contrario. Ao final o que terán que facer é mandar á Xunta de Galicia unha petición para que sexa a Xunta de Galicia a que lles diga cal é a súa interpretación. Di que o fixeron dúas veces, xa o fixeron dúas veces aí atrás, e as dúas veces déronlle a razón a UxC, e non é por ser máis papistas que o Papa, simplemente queren consenso, queren falar, queren ter a oportunidade de ver todos os documentos antes de expresarse, se non os teñen non o poden facer.

Pregunta que pasaría agora se a Xunta de Galicia di que UxC ten razón e recoñece que están incumprindo unha ordenanza. Pregunta como quedarían os veciños e veciñas de Cambre, como quedarían neste caso. Iso é o que están dicindo con todo isto, polo tanto, pide que cando pidan a documentación e a teñan, que por favor llela fagan chegar o antes posible.

Dona Rocío Vila Díaz manifesta que quere facer unha aclaración. Di que UxC fai unha pregunta respecto do artigo 65 das Normas subsidiarias e despois din que os técnicos municipais fan unha interpretación, pero igual que ela entende que eles fixeron a súa, porque se len o artigo 65 en ningún momento di que as prazas teñan que estar dentro da parcela asignada para centro de saúde, é dicir, hai un documento que desenvolve a urbanización, cédense dúas parcelas, unha para unha gardería, outra para un centro de saúde, e están cumprindo os ratios de zona de aparcamento, en ningún momento se di que teñen que estar dentro da parcela.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que efectivamente é unha interpretación que eles fan, pero é unha interpretación igual que a que fai o arquitecto municipal, exactamente a mesma interpretación, el fai unha e eles fan outra en canto a isto. Por exemplo, para o tema de garaxes e vivendas dise que cada 100 metros de superficie construída destinada a outros usos poden situarse en plantas baixas ou semisotos e non computando edificabilidade. Eles entenden que o artigo 65 se fala de que é na propia parcela de equipamento onde teñen que facer os aparcadoiros, e non sacalos da rúa, porque senón eses aparcadoiros que din que están facendo na urbanización, terían que pintalos reservados para o centro de saúde, e non se pode facer.



Reitera que é unha cuestión de interpretación, e pregunta se fixeron a interpretación agora, despois de ter dado a licenza, ou se non a podían ter feito antes e dicirlle aos señores da Xunta de Galicia que tiñan que facer as prazas de aparcamento aí.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que non se fai esa interpretación a posteriori, por iso se lles dá licenza, porque viron que todo está ben, é dicir, teñen un proxecto de urbanización que está aprobado, que contempla un número de prazas suficientes e de sobra co número de prazas de aparcamento que teñen, tanto para unha cousa como para a outra. Repite que non é unha interpretación que se faga a posteriori, senón que se dá a licenza porque se ve que se está cumprindo. Dille que el tamén está interpretando.

Don Óscar Alfonso García Patiño responde que cre que ten o mesmo dereito a interpretar que ten ela.

Dona Rocío Vila Díaz insiste en que en ningún momento a norma di que teñan que estar dentro da parcela.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que iso xa o estudarán, xa o verán e xa farán as consultas oportunas, porque poden estar equivocados, non lle di que non, el recoñece que se poden equivocar, non como o Goberno, UxC si, pero se polo menos lles deran a documentación a tempo, teríanse asesorado mellor todos. A queixa vén porque dende novembro estaban sen darlles a documentación, principalmente a queixa deste rogo vén por iso, e porque llela dan unha vez que traen o rogo a pleno, senón tampouco terían a documentación.

De todas formas di que lles falta documentación e que seguirán informándose para saber quen ten razón na interpretación destas cousas, porque realmente logo é cando anuncian aos catro ventos que fan falta. Pídelle que se fixe, que o arquitecto municipal dixo que fan falta 24 prazas e que teñen 35, iso cando o Goberno dixo aos catro ventos no proxecto da rúa Estanque que entre 40 e 70 prazas, entre a escola infantil e o centro de saúde, eran necesarias, porque hai que construír ese aparcadoiro na rúa Estanque. Iso díxoo o Goberno, non o dixo el, entón pregunta de onde sacan os datos, se para un lado vale o que di o arquitecto e para outro non vale. Iso é un pouco o que están dicindo.

3º Solicitamos que se revise e repare o mobiliario urbano no paseo marítimo do Temple.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que hai uns días que xa comezou a traballar a brigada de obras naquela zona, e están tratando de resolver todas as deficiencias que hai.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/2497 o día 23 de marzo de 2015, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º O Goberno municipal está realizando unha campaña para repintar e volver a colocar pasos de peóns en distintos lugares do concello.

Dende EU temos solicitado reiteradamente a adopción de medidas para reparar estas carencias, que supoñen unha responsabilidade por parte do Goberno ao non ter solucionado, da forma efectiva que merece, o problema, dado o perigo que xera.

Pregamos se realice unha campaña de información e se sinalicen os pasos mencionados, con medidas consistentes en aumentar a precaución e diminuír o risco de accidentes.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, explica que os que están repintando aquí en Cambre, na estrada que vai ao Temple e todas esas, é Deputación quen o está facendo. O concello o único que fixo foi pedir que se modificasen, nalgúns casos, o lugar onde estaban, polo seu perigo.

Sinalizados, que el saiba, están todos, outra cuestión é que se reforce esa sinalización, como tiñan falado nalgunhas outras ocasións. Fíxose unha proba no que hai entrando na Barcala, na estrada de Cambre ao Temple, para ver como funcionan os ollos de gato, o efecto que ían dar, e el cre que son bastante efectivos, polo que están a ver se os colocan nestas zonas, fundamentalmente nas zonas de pasos perigosos, para seguir mellorando a sinalización.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el imaxina que esta actuación que están levando a cabo de cambiar pasos de peóns e repintalos, vai en función do informe que ten a Policía local, informe que pediu o grupo de EU e que a día de hoxe non se lles ten entregado aínda, a pesar de telo solicitado reiteradas veces.

Di que para eles un labor dun Goberno eficaz é tratar de contribuír á seguridade das persoas. O que teñen comprobado nestes días en Cambre, e van dez días, é que a confusión que se creou no centro da vila, non sabe se foi por Deputación ou polo Concello de Cambre, foi impresionante. Pero non soamente é a confusión, é o perigo que ocasionou, porque primeiro despintaron uns pasos, pintáronos noutro sitio, non fixeron o rebaixe dos beirados, é dicir, pode cualificarse como unha verdadeira chapuza, porque as persoas están atravesando continuamente sen estar os pasos pintados. Por outra parte, os pasos borrados e os sinais verticais, sen tapar. El púxoo en coñecemento da Policía local e ao día seguinte apareceron tapados. Realmente o que se incrementou aquí non foi a seguridade, foi a inestabilidade para que as persoas puideran cruzar.

Por outra parte, cre que estes traballos debíanse trasladar a outros lugares do concello. En varias ocasións dixeron que había pasos moi perigosos, como pode ser o da entrada á autoestrada no Temple, o de Pumar Méndez, o da Estrada da Estación, ou o da Volta das Carrozas, que EU trouxo varias veces a pleno, onde o paso de peóns desemboca nun garaxe, e onde recoñecía o Sr. alcalde que era ilegal, e aí non se fai ningún tipo de actuación.

Continúa dicindo que o único que el viu na acta da Xunta de Goberno, é que o Sr. Marante informaba de que se ían modificar dous pasos de peóns no centro da vila. Un xunto á igrexa, que lle parece ben, parécelle correcta a situación que ten agora, e outro fronte ao campo da feira, que a petición de EU o martes nas comisións, por fin non o poñen máis pegado á curva. Cre que para isto, á parte das achegas dos grupos municipais, neste caso EU, tamén están os técnicos, e non hai que agardar a última hora para preguntarlles como é que van poñer un paso de peóns pegado á curva. A verdade é que atenderon á modificación feita por EU e parece ser que o traen máis cara á casa do concello.

Pero el considera que isto dos pasos de peóns ten que facerse a nivel municipal, non pode ser actuar aquí no campo da feira nada máis, no centro da vila, ten que ser en todo o concello. Está seguro de que hai un informe que fixo a Policía local e cre que se lles debería entregar, e eles deberían facer caso a ese informe, a ese informe e aos técnicos.

En canto ao que dixo o Sr. Marante da sinalización, puxéronse na proximidade da urbanización da Barcala os ollos de gato que EU reclamou moitas veces, porque consideraban que xorden bastante efecto. El cre que non é demasiado gasto, se non se equivoca vale 3 euros cada reflectinte deses, e poden evitar ás veces atropelos de persoas, porque aquí están falando da seguridade das persoas, sobre todo dos maiores e dos nenos.

Conclúe dicindo que non sabe se ao mellor contemplaron a posibilidade de facer un paso sobreelevado no campo da feira, o que está próximo á igrexa, un paso sobreelevado que obrigaría, sen ningún tipo de dúbida, a que os condutores foran con máis precaución.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que aquí están todos a representar aos veciños, todos, e a el se lle fan unha suxestión e cre que é o adecuado, se queda en facelo o normal é que o faga. Foron a Policía municipal e máis o enxeñeiro do concello os que decidiron poñer o paso de peóns para atrás, el díxolle inmediatamente, pola mañá, para que o desprazaran para adiante, porque el sempre admitiu esas achegas de todo o mundo, cando se poden facer, que non sempre se poden facer.

Respecto dos ollos de gato di que xa os teñen en stock para poñer en máis pasos de peóns. Fixeron esa proba na Barcala e xa teñen unha partida deles para colocar en máis sitios, de momento non puideron facelo, pero xa están aquí no concello, para tratar de mellorar este tema.

Respecto dos pasos elevados, concretamente pediron á Deputación permiso para poder elevar uns pasos antes de chegar ao Paraugas, pola zona do colexio Portofaro, pero non lles aceptaron esa solicitude que fixeron. Hai outras zonas, por exemplo aquí onde está a igrexa, en que ao mellor igual o permiten, ou non, e iso que sería pagando o concello, é dicir, non é que lle pediran á Deputación que o fixera ela, senón que era pagando o concello, xa por un tema de seguridade, e denegáronlles esa solicitude. Ás veces non é que non se fagan as cousas, senón que tamén se atopan problemas á hora de facelas. Dende logo a súa intención é mellorar na medida do posible todo o tema da seguridade.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que o Sr. Marante dixo que tiña falado coa Deputación, el o que lle quere dicir, e se non é así pide que lle corrixa a secretaria, é que a Lei de bases do réxime local contempla que nas zonas urbanas a competencia exclusiva da seguridade é do concello. Neste caso é do Concello de Cambre, non é de ningunha outra administración, nin da Xunta, nin da Deputación, na zona urbana a competencia exclusiva en seguridade viaria é do Concello de Cambre, polo tanto, non hai que pedirlo a ninguén, soamente ten que actuar o concello.

Don Manuel Marante Gómez contesta que diso deberían terse acordado cando votaron en contra das rotondas do centro de Cambre. Se é responsabilidade do concello pregunta por que votaron en contra das rotondas, cando se querían facer para a seguridade dos veciños de Cambre. Ou sexa, teñen que ser agora e máis despois, non unhas veces ser dun lado e outras doutro, se o concello é responsable da seguridade dos veciños, daquela terá que facer as obras como considere máis conveniente. Que para unhas cousas si e para outras non, a el iso non lle gusta.

Toma a palabra o Sr. alcalde para aclararlle algo a todos, non é só para o Goberno, senón tamén para os grupos da oposición e para todos os veciños. Di que ao Goberno lle preocupan os pasos de peóns porque se producen atropelos, e que el podería demostrar que leva tres anos tratando coa Xunta sobre a zona urbana, porque a estrada é súa, é unha estrada autonómica e hai outra provincial. Leva tres anos pedíndolle os pasos sobreelevados na estrada autonómica, e pódelles demostrar a contestación da Xunta, porque a ten por escrito, néganse a facer eses pasos sobreelevados. Iso é o que el lles pode dicir, aínda que o Sr. Taibo diga que a Lei de seguridade viaria permite ao concello facer o que queira dentro do núcleo urbano.

Conclúe dicindo que se eles admiten que a Xunta lles ceda a estrada, que é outra posibilidade, e que o concello a manteña, a Xunta dirá que despois diso o concello faga con ela o que queira, pero mentres non sexa así, non. Iso é o que lles pode dicir respecto deste tema, aínda que el vai seguir insistindo neste asunto, no que lle quede vai seguir insistindo.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que respecto deste tema el ten outra interpretación, porque o artigo 7.1 da Lei de bases do réxime local di que as competencias sobre seguridade viaria son do concello, por iso di que o Concello de Cambre terá competencias para isto.

Por outra parte quere dicirle ao Sr. Marante que non se lle vaia polos cerros de Úbeda, porque están falando dos pasos de peóns, e cando hai incompetencia, cando non hai coñecemento, non se ten que recorrer a outras cousas. O das rotondas é pasado, xa hai un ano, agora están falando da seguridade e dos pasos de peóns, é do que están falando, e o Sr. Marante ten que comprender, igual que el, que houbo unha falta de coordinación entre a Deputación e o concello no tema dos pasos de peóns, que levan 12 días con ese paso de peóns para pintar catro raias, e tiveron que pintar, repintar, romper un beirado hoxe, romper outro mañá. Di que de verdade non houbo axilidade neste tema, baixo o seu punto de vista, e así o entende tamén a xente que está pasando todos os días por aí. Levan 12 días pasando por un espazo que non está sinalizado, co risco que iso leva consigo.

Don Manuel Marante Gómez responde que iso enténdeo, pero que o problema foi que o concello fíxolle a reclamación á Deputación para cambiar eses pasos de peóns. O concello tivo coñecemento no momento en que a empresa contratada por Deputación veu pintar, e de feito diante da igrexa quedou parado pintado á metade e non lles dixeron nada. O capataz da Deputación tiña pedido dous días libres e a empresa chegou, pintou por onde lle pareceu e punto. Cando os viron aquí foi cando dende o concello se lles mandou parar e que pintaran máis adiante, que mentres dende o concello farían os rebaixes, e puxéronse a facelos ao momento, e que mentres pasaran polo outro. Ao día seguinte chegaron e borrarón o da igrexa e máis o do campo da feira, borrarón os dous, púxose a chover e non os pintaron, e así están. Pero di que non foi porque non o intentaran, que houbo un fallo, pero non foi por falta de interese en facelo ben feito, o que pasa é que agora está chovendo seguido e non se pode pintar.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que, como dixo, falta de coordinación e falta de entendemento entre dúas institucións.

2º Unha petición reclamada por EU e por veciños da parroquia de Bribes trata sobre a dotación de iluminación pública ao tramo do encoro de Cecebre pertencente ao Concello de Cambre.

Pregamos ao Goberno realice as xestións necesarias ante as administracións con competencia na mencionada infraestrutura co fin de dotar de iluminación o tramo da ponte correspondente ao noso concello.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, manifesta que reiterarán a solicitude do concello á Xunta outra vez.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pregúntalle se lle pode informar cando se fixo esta petición.

Don Manuel Marante Gómez contesta que el a data exacta non a sabe, pero isto xa se tiña comentado anteriormente nesta Corporación. El lembra ter mandado unha solicitude á Xunta para que se iluminara, agora non sabe as datas exactamente, pero tíñase falado aquí.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que precisamente se reitera o rogo porque non teñen coñecemento de que o Concello de Cambre solicitara á Xunta de Galicia nada disto. Entón, como non teñen coñecemento, pídelle por favor que lle pase unha copia da petición que se fixo á Xunta de Galicia para que dotaran de iluminación pública o treito da ponte do encoro de Cecebre.

3º O noso grupo municipal ten presentado unha moción sobre as pretensións do Goberno central de privatizar o Rexistro Civil.

Pregamos nos informen de que medidas teñen previstas para iniciar a necesaria campaña informativa para que os veciños coñezan que o servizo do rexistro civil será privatizado a partir do 15 de xullo.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que eles xa tiñan coñecemento de que a Fegamp estaba traballando neste tema, porque a preocupación é grande para todos os concellos, de feito xustamente hoxe déronlle traslado a todos os concellos dun escrito, do cal non puido facerlles copia, pero se queren pode pasarllelo. É un escrito que envía a Fegamp á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, para que expliquen exactamente cal é o alcance da medida que pensan tomar, de modo que os concellos e a Fegamp se poidan posicionar.

Saben da inminencia, quedan uns poucos meses aínda, pero di que están preocupados porque non queren que os veciños de Cambre teñan que ir á Coruña a solicitar os certificados de nacemento ou matrimonio, e por ese motivo van agardar a que chegue a contestación da Dirección Xeral e, en función diso, tomarán as medidas oportunas. Di que a Fegamp tamén lles propón, aínda que xa di que chegou hoxe, presentar unha moción en todos os concellos. El pensa que o tema é razoable e van agardar a ver se nas próximas datas solucionan algo, senón, evidentemente teranlle que explicar aos veciños o que vai pasar.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que xa hai unha moción presentada, de feito xa a presentaran eles, se non lembra mal, no mes de abril do ano pasado e no debate desa moción a concelleira Marta Vázquez Golpe dicía alporizada que EU mentía na súa moción, que o PP defendía un modelo de gratuidade e manifestaba que o 90% dos actos ían ser de inscrición obrigatoria, que non tiña sentido aquela moción. Pois agora estase demostrando que si vai ter sentido, e así se acaba de recoñecer por parte do voceiro do PP.

É un tema tan importante, como dicía tamén o voceiro do grupo de goberno, un tema tan absolutamente importante que non se pode deixar atrás, posto que vai supor non soamente o desprazamento por parte dos veciños, senón que van ter que comezar a pagar por inscribir aos seus fillos, por casar, por certificados de defunción, por un libro de familia, por solicitar un certificado de familia numerosa, por pedir unha fe de vida, por pedir unha fe de estado, por certificados de inscrición de parellas de feito, por troco de nome, por troco de apelidos, é dicir, que tendo en conta que se lle acaba a moitos o choio, hai que manter o choio dalgunha forma, e ademais está calculado, son cantidades que están calculadas, a eses 1120 rexistradores da propiedade que existen a día de hoxe en España, váiselles repartir unha media de 1200 millóns de euros, que van saír dos petos dos cidadáns, e que ata agora non estaban saíndo.

Por todo isto si lle pediría que, por favor, lles faga chegar a todos os grupos ese documento, para poder seguir traballando, no sentido de tentar botar esta barbarie abaixo.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que o problema é que teñen un problema, ese é o problema. Unha cousa é que se vaian suprimir rexistros civís, os rexistros civís de concellos de non moita poboación, que se vaian impoñer algunhas taxas ou prezos públicos, que niso todos poden ter a súa opinión, e nese sentido el ten a mesma opinión que poida ter ela, pero outra cousa ben distinta é que se vaia privatizar un servizo como este, entre outras cousas porque é totalmente imposible que se private a sinatura dun certificado. A sinatura dun certificado, por definición, ten que estar feita por un funcionario, se non está feita por un funcionario ou por un notario, non se pode facer, é imposible. É unha cousa materialmente imposible que se private un servizo como un rexistro público, imposible.

Poderase privatizar a xestión do arquivo, poderase privatizar a atención ao público, pero o que é o rexistro non se pode privatizar, é imposible. É como dicir que se pode privatizar a función dun interventor municipal ou dun secretario municipal, porque é o mesmo, porque a sinatura do certificado de nacemento e matrimonio faina un



funcionario. É un funcionario, unha persoa designada para o efecto, non pode ser unha empresa privada quen o faga. Son cousas distintas.

Di que eles están de acordo en que non se poden suprimir, para nada, os rexistros civís en localidades de pouca poboación, e menos, como parece a intención, que se centralicen todos os rexistros civís nas capitais de provincia, porque hai persoas con dificultades de mobilidade que teñen que poder acceder a eses documentos, porque son fundamentais e utilízanse con moita asiduidade.

Evidentemente el pensa que tampouco está a cousa como para impoñer taxas por documentos que dende que naceu o rexistro civil, xa a finais do século XIX, foron gratis. Non parece moi razoable que se faga así. Esa é a súa opinión, pero outra cousa ben distinta é o de privatizar, porque aquí levan escoitando dende que apareceu a democracia que se vai privatizar todo, e el de verdade pensa que xa cansan un pouco con tanto privatizar.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que coa primeira intervención do Sr. Andreu tería quedado o conto, porque ela tampouco ía entrar máis aló, coa primeira intervención do Sr. voceiro e coa súa propia intervención tería quedado o conto perfectamente resolto á espera dese documento, pero claro, xa meténdose nestes bretes, evidentemente está igual que o ministro Catalá, mentindo, mentindo, mentindo e mentindo ata que pasen as eleccións municipais de maio, e reitera que ela non se ía meter neste tema.

Ao que se refiren con este tema, e para xustificarlle que el está mentindo, é a que si que se vai privatizar. Non falan de funcionarios, falan de rexistradores da propiedade. Tendo en conta que quen inicia toda esta reforma se apelida Rajoy e que é o irmán pequeno do presidente do Goberno, xa poden ir atando cabos, don Enrique Rajoy, concretamente, que é titular do rexistro da propiedade de Cáceres e asesor da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

Están no mes de marzo, chegará maio e pasará xuño, e despois de xullo ela non vai estar sentada aquí, pero garántelle que el tampouco vai estar sentado aí, e non poderán falar deste tema, pero estarán todos fóra, inscribíndose e acudindo a encherlle os petos ao irmán de Rajoy e aos seus amigos, e a xente vai saber que están mentindo, outra vez máis.

Vanse retirar os funcionarios de Xustiza do rexistro civil para ser substituídos polos rexistradores mercantís e da propiedade, e o Sr. Catalá o outro día no Parlamento mentía porque dicía o mesmo que o Sr. Andreu, e claro o concelleiro reproduce o dito. Dicía o ministro que non se ía privatizar o rexistro civil, pero ao mesmo tempo dicía que había que reasignar aos funcionarios adscritos a outros órganos. Di que xa lle contará a ela por que.

Os rexistradores van quedar co negocio do rexistro de nacementos, de defuncións, matrimonios, como dicía de todos eses negocios ata agora rexistro, a partir de agora negocio. Non só iso, hai algo aínda máis grave á parte da parte económica, que no punto no que están é moi grave, pero hai algo moito máis grave aínda, e é que o persoal que contratan os rexistradores é persoal laboral, ademais endogámico na maioría dos casos, e non funcional, e entón, os datos persoais e sensibles estipulados así na Lei de protección de datos, a Lei 15/1999, van estar en mans desas persoas e vanse utilizar, e diso están absolutamente seguros, con fins mercantilistas para, aínda máis, beneficiarse os rexistradores, os irmáns, os asesores, os curmáns, porque como dicían o día da moción, como xa non teñen burbulla inmobiliaria necesitan sacar pasta de onde sexa.

Di que está cifrado, 10 millóns de euros extras cada ano a cada rexistrador mercantil, que se lles descontan, que tamén está calculado, o medio millón de euros que custa cada unha das oficinas, quédanlles libres a cada rexistrador, incluído ao irmán pequeno de Mariano Rajoy, nove millóns e medio ao ano, e van saír dos petos dos cidadáns, e iso é o que vai pasar.



### **4.3. Preguntas**

#### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/2468 o día 21 de marzo de 2015, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Un veciño da rúa Tapia vén a denunciar a colocación, no pomo da porta da súa casa, dun tarxetón publicitario, similar ao que se utilizan nos hoteis, no que literalmente se di “o equipo do alcalde Manuel Rivas estivo aquí e, ao non atoparte na casa, non desiste na súa intención de coñecer a túa opinión, necesidades ou demandas a valorar na elaboración do programa para as próximas eleccións municipais. Por iso invítate a contactar con el no correo electrónico...” Manifesta o veciño que a permanencia durante días do citado tarxetón colgado do pomo resultou, como foi o caso, unha mostra de que o domicilio se atopaba baleiro, co que transmitiu aos amigos do alleo unha información de moito valor que podía terlles facilitado a entrada nel.

Por todo isto este grupo pregunta:

Dirixiuse o alcalde a este veciño pedíndolle desculpas polo seu negligente comportamento?

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ten coñecido, polo que lle manifestou ese veciño, que incluso ese mesmo correo llo enviou tamén á Alcaldía. Di que non sabe se o Sr. alcalde ten coñecemento del.

O Sr. alcalde contesta que si, que o veciño mandou un correo á Alcaldía, efectivamente, e no momento no que el tivo constancia do correo, deu orde para que se deixara de utilizar ese sistema de colgar os tarxetóns nas portas das vivendas. Loxicamente, tamén lle mandou un correo a ese señor desculpándose polo feito, aínda que nunca foi con mala intención.

2ª Veciños de Piñeiro, Lema, teñen denunciado no concello as fochas existentes no camiño que discorre diante das súas casas.

É por iso que este grupo pregunta:

Cando se van arranxar as deficiencias denunciadas do citado camiño?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que empezaron hai uns días a tapar fochas, e van levándoo dereito, para non andar dun sitio para outro. El pensa que nuns quince días, máis ou menos, deberían andar por esa zona.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, pregúntalle se sabe onde está o que ela lle indica.

Don Manuel Marante Gómez dille que están dando un repaso por todos os sitios.

3ª As frecuentes ausencias dunha doutora adscrita ao centro de saúde do Temple son cubertas por médicos contratados temporalmente, dous ou tres distintos cada semana, o que xera un moi deficiente servizo toda vez que non se pode facer un control e seguimento dos pacientes que reúna uns mínimos criterios de eficacia e calidade.

Sendo este un tema que se vén producindo dende hai tempo, sen que o Sergas adopte solución permanente ningunha, é polo que este grupo pregunta:

É coñecedor o Goberno desta situación? e, se así fora, que xestións se teñen feito diante da administración sanitaria galega para arranxar o problema?

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que no concello non se ten recibida nin unha soa queixa por escrito, absolutamente nada, nin chamadas, nin queixas de ningún tipo. Despois de ler esta pregunta que lle facían, ela chamou ao centro de saúde, falou co xerente e tamén lle dixeron que alí non se rexistraron protestas, soamente un veciño que o fixo como unha suxestión.

O que lle dixeron é que hai unha persoa enferma, que a teñen que substituír, pero iso de que son dous ou tres cada semana, iso non. Son dúas persoas que van substituír a unha persoa que está enferma, non o poden facer de maneira permanente, co cal ten que ir un substituto. Conclúe dicindo que a día de hoxe é o que sabe, non tivo máis coñecemento, pero dende logo no concello non entrou absolutamente ningunha queixa.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que se lle permite intervir o Sr. alcalde, porque sabe que están nunha quenda de preguntas, pero brevemente para dicir que a pregunta responde non a unha, senón a máis dunha queixa que o grupo municipal socialista recibe nese sentido, e o que fan coa mellor intención é buscar unha solución.

O Sr. alcalde intervén para dicirlle que xa lle dixo a concelleira que eles teñen coñecemento do feito, e téñenlles explicado o porqué. Pero explica que teña en conta que se hoxe lle permite intervir, no vindeiro pleno sucederalle o mesmo, porque alguén no pleno anterior protestou polo mesmo, por ser permisivo. Polo tanto, di que é pregunta-resposta e el cre que a resposta foi contestada pola concelleira. Dille que de verdade que o sente.

### **Preguntas de UxC presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/2471 o día 21 de marzo de 2015.

1<sup>a</sup> A fonte do Parque da Igrexa de Cambre está nunha situación insalubre, sabendo que os nenos xogan co auga, preguntamos: cando ten pensado o Goberno municipal limpala?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que a verdade é que se despistaron un pouquiño e a ver se a semana que vén a limpan.

2<sup>a</sup> Algúns farois da senda peonil de Cambre a Pravio, non cumpren coa normativa de accesibilidade que marca un mínimo de 1,80 de ancho libre, ademais non se rematou o proceso de construción polo que existe perigo de caídas dos peóns. Cando teñen pensado arranxar isto?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que as obras están máis ou menos sinalizadas e el cre que non debería haber problemas. Di que xa se acabaron as obras e o tema do ancho é que xa a senda mesma ten 1,50 nada máis de ancho, polo que o 1,80 xa non o cumpre nin a senda. Aí utilizouse o sitio que había, e cre que unha mínima seguridade haina, e unha cadeira pasa. Queda efectivamente 1 metro aproximadamente por diante dos farois libre, non é que sexa moito, pero aí haberá que agardar a que haxa algo de orzamento, cubrir a cuneta e facer unha senda como Deus manda. Pero de momento, aí están.

3ª En plenos pasados preguntamos polo arranxo dunha focha na rúa Polígono e polos carteis na zona axardinada do Paraugas, contestáronnos que se arranxaría cando se asfaltase a rúa Abeleira, e que os carteis se retirarían cando se acabase a obra. Unha vez asfaltada a rúa Abeleira e inaugurada a obra da rotonda, a que agardan para arranxar isto?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que o da foxa, el non dixo na rúa Abeleira, dixo na rúa Polígono, que ían facer as obras de pluviais na rúa Polígono e que ían acometer tamén esa reparación, porque iso está oco todo por abaixo, uns quince ou vinte metros está oco por debaixo. Aproveitando esa obra ían arranxalo e esa obra está previsto empezala o día 6, despois de Semana Santa, ese día está previsto empezala e agardan canto antes resolver ese tema.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta polos carteis.

Don Manuel Marante Gómez responde que a verdade é que el non ten como preferencia quitar carteis tan pronto se inauguran as obras, de feito hai carteis por aí de hai seis anos, do Plan E. Di que os van sacando de vez en cando, e sobre todo se estorban ou iso, pero non é unha prioridade agora mesmo, teñen outras prioridades.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que terá que sacalos a empresa.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/2497 o día 23 de marzo de 2015, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª O PXOM é un documento imprescindible para o futuro desenvolvemento do noso concello, a súa tramitación está sometida a un calendario axustado á lexislación urbanística, a súa elaboración ten ocasionado diversos problemas e preocupación nos veciños e veciñas de Cambre, motivo polo que se teñen presentado distintas iniciativas plenarias por parte da oposición. Ante a incerteza na súa determinación, que ten como consecuencia un atraso inxustificable dende a sinatura do contrato, na actualidade, e nas portas de rematar a lexislatura non temos coñecemento do documento para a súa aprobación inicial.

Por isto o grupo municipal de Esquerda Unida pregunta:

Que mecanismos de participación ten pensado o Goberno municipal para facer partícipes aos veciños e veciñas e cidadáns interesados, sobre o documento do PXOM?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que cando teñan corrixiadas as emendas do documento e lles respondan aos informes sectoriais previos solicitados, visitarán todas as parroquias do municipio para poder informar aos cidadáns e escoitar as súas suxestións e recoller as súas achegas.

Antes de dar lectura á seguinte pregunta presentada polo seu grupo, dona Mª Olga Santos López, concelleira de EU, dille ao Sr. alcalde que no pleno pasado ela non protestou porque fora permisivo, senón arbitrario e discriminatorio.

2ª Que medidas ten tomado o Goberno en relación coa exención do canon da auga, imposto pola Xunta de Galicia, ás familias con rendas baixas e ás persoas que teñan un grave déficit de recursos?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que xa no ano 2012 se ditou un bando relativo a esa exención, no que se di que se poderá

solicitar por aqueles que reúnan os seguintes requisitos: o domicilio para o cal se solicita a bonificación coincida co enderezo en que estea empadroada a unidade de convivencia; o titular do contrato de subministración de auga coincida con algún dos membros da unidade familiar, ou en todo caso acreditar que é o pagador; os ingresos totais da unidade de convivencia non superen o IPREM; polo menos unha das persoas da unidade de convivencia deberá estar en situación de exclusión social por ter rendas de integración social de Galicia (Risga), ou persoas perceptoras de pensións non contributivas, ou persoas que non estando en ningún dos dous supostos anteriores teñan unha ausencia ou grave déficit de recursos económicos, unido a unha situación de desemprego ou imposibilidade de desempeñar un traballo.

Di que o bando estivo colgado en todos os lugares estratéxicos e visibles do concello, no ano 2012 e ata agora, e nas principais dependencias municipais, tamén se ten informado das deducións do pagamento do canon por ter a condición de familia numerosa, dos requisitos que teñen que reunir as familias e tamén da documentación que ten que presentarse, e dende a Concellería de Servizos Sociais, en todas as reunións, cursos, conferencias e a través das traballadoras sociais, tense informado fidedignamente a todos os usuarios de cales son os requisitos, non só desta exención, senón doutras bonificacións, estatais, autonómicas ou locais.

Conclúe dicindo que agarda que esa sexa a resposta.

3ª O pechamento por reformas da piscina municipal da Barcala ten como unha das consecuencias que as actividades programadas dende os colexios queden suspendidas aproximadamente dous meses.

Este feito está provocando o malestar entre as familias que tiñan planificado a súa conciliación laboral e familiar con base a uns horarios e á conseguinte actividade, que sen previo aviso nin información quedaron eliminadas.

Por isto preguntamos:

Que solución ten o Goberno para evitar que os nenos e nenas queden sen actividades nas horas establecidas?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que non está de acordo coa parte na que expoñen que se pechou a piscina sen previo aviso. Comunicóuselle a todos os usuarios individualmente a través da concesionaria, e así lle consta, comunicóuselles por escrito e con acuse ás Anpas, que á súa vez déronlle traslado aos seus usuarios con vinte días de antelación, está documentado e, a maiores, a través dos medios de comunicación foise dando parte puntual do estado en que se encontraba, tanto o procedemento de contratación como o inicio das obras.

No caso concreto que lle preguntan, que é nas actividades que están levando a cabo as Anpas na piscina, di que son actividades que organiza cada Anpa de maneira individualizada, que coordinan cos seus asociados, ou organizan entre eles. Cónstalle que algunhas sendo coñecedoras do peche da instalación teñen organizado actividades alternativas, dentro de pavillóns, dentro das propias instalacións do colexio, e outras non seguiron coa súa actividade.

Conclúe dicindo que dentro da parte que a eles lles corresponde, que é a de informalos e darlles as alternativas posibles, fixeron todo o que estaba na súa man.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a intervención do concelleiro invita a que el lle responda.

O Sr. alcalde di que o entende, pero é unha pregunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás preguntalle se lle permite intervir, porque o concelleiro está a deixalo por mentireiro, e el non quere quedar como tal.

O Sr. alcalde dille que non é deixalo por mentireiro, que fixo unha pregunta e o concelleiro contestou.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que non lle contestou á pregunta que el fixo.

O Sr. alcalde dille que a pregunta que fixo é que solución ten o Goberno para evitar que os nenos e nenas queden sen actividades nas horas establecidas.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que exactamente, e preguntalle se lle respondeu a esa pregunta, porque non o fixo para nada, non deu alternativa ningunha a esa pregunta, por iso pide, por favor, poder intervir.

Don Fernando Caride Suárez manifesta que non ten problema en volver a contestarlle doutra maneira.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que o problema teno el, que non pode responder, el é quen ten o problema.

Don Fernando Caride Suárez dille que el cre que lle respondeu, pero pode responderllo doutra maneira. Di que dende o grupo de goberno, e dende o Departamento de Deportes, ás Anpas, que lle repite que son as que organizan este tipo de actividades, téñenlles posto á súa disposición tanto as instalacións municipais deportivas como as educativas que coordinan co centro, porque a actividade de piscina é unha actividade que coordinan as Anpas coa concesionaria, e que o concello lles cede. O concello nesa boa convivencia dálles a opción de se queren continuar coas súas actividades, que continúen.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que en ningún momento se dirixiron aos usuarios.

Don Fernando Caride Suárez contesta que volve repetirlo, aos usuarios da piscina comunicóuselles persoalmente a través da concesionaria. En canto aos usuarios das Anpas, que é polos cales o Sr. Taibo pregunta, o concello comunicóullelo mediante notificación por carta certificada, vinte días antes do peche, ás Anpas, que á súa vez déronlle traslado, mediante unha carta curricular, aos seus asociados.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que mentira, que non houbo carta ningunha.

Don Fernando Caride Suárez contéstalle que o que non vai é a deixalo a el como mentireiro, cando ten enriba da súa mesa as cartas asinadas, cos recibís dos presidentes das Anpas. Reitéralle que o organizador é a Anpa e el a quen lle deu traslado é ao organizador, porque non ten os datos dos alumnos, como si ten os datos dos usuarios da piscina.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  
Manuel Rivas Caridad

A secretaria xeral  
M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia